

Acta número 12/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Ramón del Valle López

C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Vanesa Brea Lago

C. Economía e Facenda.

J. Carlos Carid Fernández

C. Educación e Ordenación Universitaria

Marina García Valeiras

C. Innovación e Industria

José Carlos Fagín Taboada

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

M^a Lourdes Batán Aira

C. Trballo

José Vázquez Portomeñe

POLAS ORGANIZACIÓN SINDICAIS

CIG

Manuel Gallardo Canitrot

María A García Cao

Adolfo Diz Dieguez

Adolfina Campo Locay

CC.OO.

José Emilio Doforno Guzmán

Pedro Méndez Gil

UGT

José Francisco Núñez Rodríguez

CSI-CSIF

Álvaro Fernández Baamonde.

Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as 13 horas do día catro de xullo do ano dous mil oito, reúnense en sesión ordinaria, no Salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:.

Punto primeiro: Lectura e aprobación, de ser o caso, das actas 10/2008 e 11/2008, correspondentes ás sesións anteriores.

Respecto a acta 10: CSI-CSIF solicita que en rogos e preguntas a denuncia a fixo o seu sindicato.

Respecto á acta 11: CCOO que súa intervención na páxina 3 debe quedar do seguinte xeito: “Que porlle esas retribucións é un agravio comparativo negativo para o resto do persoal do colectivo de incendios cara as futuras negociacións”.

Coas ditas manifestacións aprobáanse por unanimidade as actas correspondentes as sesións 10 e 11 da Comisión de Persoal.

Punto segundo: Proxecto de Orde pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso na agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia.

O representante da CIG manifesta: Que vota favorablemente a presente convocatoria felicitando á dirección xeral da Función Pública e ao resto das OOSS, dado que entende que foi unha boa negociación con bos resultados.

O representante de CCOO manifesta:Que vota favorablemente o presente punto da orde do día.

O representante de UGT manifesta:Que vota favorablemente felicitando a todos polo traballo feito.

O representante de CSI-CSIF manifesta:Que vota en contra polo dito na mesa xeral, entende que non se negociou con este sindicato

A Presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto en contra de CSI-CSIF.

Punto terceiro: Proxecto de Orde pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional de persoal subalterno da Xunta de Galicia.

O representante da CIG manifesta: Que se absteñen dado que non se establece concurso-oposición e o número de prazas entende que é insuficiente.

O representante de CCOO manifesta: Que se absteñen dado que non se establece concurso-oposición e o número de prazas entende que é insuficiente.

O representante de UGT manifesta: Que se abstén polas mesmas razóns manifestadas anteriormente.

O representante de CSI-CSIF manifesta: Que vota en contra por ser oposición libre.

A Presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día coa abstención de CIG, CCOO e UGT e o voto en contra de CSI-CSIF.

Punto cuarto: Proxecto de orde pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2).

O representante da CIG manifesta: Que vota a favor.

O representante de CCOO manifesta: Que vota a favor.

O representante de UGT manifesta: Que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF manifesta: Que vota en contra.

A Presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto en contra de CSI-CSIF.

Punto quinto: Proxecto de orde pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

O representante da CIG manifesta: : Que vota a favor.

O representante de CCOO manifesta: : Que vota a favor.

O representante de UGT manifesta: : Que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF manifesta: Que vota en contra polas razóns ditas na mesa de empregados públicos.

A Presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto en contra de CSI-CSIF.

Punto sexto: Rogos e preguntas.

A CIG sobre a gardería a crear no novo edificio administrativo de Pontevedra solicita que se cree dunha vez, e que esta sexa pública.

Pregunta á Consellería de Traballo sobre a denegación de asuntos propios unidos as vacacións dun laboral da delegación de A coruña ao que se denegou.

UGT pregunta cándo se van a publicar as bases aprobadas na comisión de hoxe.

Pide CSI-CSIf que se lles faga chegar as modificacións das convocatorias e pregunta sobre os criterios das vacacións na Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas corenta e cinco minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE

A PRESIDENTA

DOU FE

O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.